

## As naves do novo viveiro municipal xa están rematadas

Páxina 4



Concello de  Oleiros

**Oleiros conta con dous novos parques a disposición dos veciños**

Páxina 8

# Vivir en Oleiros

Número 36  
Xullo 2011  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

Un momento da xornada electoral do pasado 22 de maio no colexio electoral de Perillo



**Os abonados da piscina de Oleiros xa poden utilizar o complexo deportivo de Dorneda**

Páxina 11

**O Goberno local mellora a seguridade viaria en Salvador de Madariaga**

Páxina 6

**As escolas municipais de danza e música contan cun maior número de matrículas para este curso**

Páxina 20

## Oleiros revalida con maioría absoluta o goberno de Alternativa dos Veciños

■ A confianza depositada no Goberno de Alternativa dos Veciños pola gran maioría da cidadanía de Oleiros posibilita catro anos de estabilidade municipal que permitirá resolver asuntos pendentes que se atopaban paralizados polos impedimentos da oposición. Así mesmo, esta maioría permite un desenvolvemento máis rápido de diversas xestións demandadas por veciños, empresarios e colectivos sociais, que en ocasións sufriron retrasos na tramitación dos seus expedientes ao non dispoñer dun goberno coa maioría precisa.

Páxinas 12 e 13

### O número 36 do Vivir en Oleiros chega con semanas de retraso

Este número da publicación municipal Vivir en Oleiros chega con varias semanas de retraso debido á actitude sostida polo grupo municipal do Partido Popular, quen considerou a publicación «propaganda electoral» e ameazou con solicitar a súa eliminación. A publicación que chega agora aos fogares oleirenses conserva a maioría dos seus contidos e inclúe informacións dos últimos días, como por exemplo a estrutura da nova corporación municipal resultante das eleccións do 22 de maio.

Como saber  
*onde*  
está todo  
en  
*Oleiros*

**AXENDA**  
Páxina 23 



Alternativa dos Veciños

## Grazas

O 22 de maio, data na que tiveron lugar as eleccións municipais, será un día difícil de esquecer.

Grazas, aos homes e mulleres, mozos e mozas, que co seu traballo constante, con moita ilusión e gran esforzo, fixeron posible que miles de veciñas e veciños avalaran co seu voto o labor desenvolvido polo grupo de Alternativa dos Veciños ao longo dos anos.

Grazas, porque Oleiros foi,

unha vez máis un exemplo de responsabilidade e compromiso no resto do país, cun apoio maioritario a un xeito de facer política social igualitaria, de todos e para todos.

Grazas, porque a confianza demostrada vai permitir consolidar unha xestión distinta e singular, sen atrancos, para manter o acadado ao longo dos anos e desenvolver maiores cotas de benestar social que redunden nunha, aínda mellor, calidade de vida.

Grazas aos que confiaron en nós a pesar de todas as mentiras e intentos de intoxicación dos ávidos máis de poder que de responsabilidades e traballo, a pesar dos moitos que desde a política, os medios ou os xulgados atentaban contra a honestidade de Alternativa dos Veciños. Non contaban con que as raíces e a semente desa margarita sinxela, estaban espalladas por todos os pobos e vilas de Oleiros e todas as primaveras, aínda que a pisaran, vol-

vía a brotar con máis forza cubrindo todo o noso territorio de beleza e cor.

Grazas, intentaremos non defraudarvos nesta nova lexislatura na que a nosa prioridade será consolidar Oleiros como un concello distinto e singular onde a defensa dos valores humanos e a solidariedade sexan a nosa bandeira, onde a transparencia, a honestidade e a comunicación permanente cos veciños, guíen as nosas actuacións.

Partido Popular de Oleiros / Pablo Cobián, portavoz do PP de Oleiros



La Junta Electoral Central, en su Instrucción número 2, dictada el pasado día 24 de marzo de 2011, y publicada en el BOE del día 27 de marzo, dispuso que:

1.- Según establece el artículo 50.2 de la LOREG, “desde la convocatoria de las elecciones y hasta la celebración de las mismas queda prohibido cualquier acto organizado o financiado, directa o indirectamente, por los poderes públicos

que contenga alusiones a las realizaciones o a los logros obtenidos, o que utilice imágenes o expresiones coincidentes o similares a las utilizadas en sus propias campañas por alguna de las entidades políticas concurrentes a las elecciones.”

2.- Deben entenderse comprendidas en dicha prohibición, entre otras actividades, la edición y reparto durante el periodo electoral con financiación directa o indirecta de los

poderes públicos, de libros, revistas, folletos, cuadernos, catálogos, trípticos, soportes electrónicos (*cd, dvd, memorias usb, etc...*); el envío de correos electrónicos o de mensajes *sms*; la distribución de contenidos por radiofrecuencia (*bluetooth*), o la inserción de anuncios en los medios de comunicación, que contengan alusiones a los logros obtenidos por cualquier poder público, o que utilicen imágenes, sintonías o expresiones coincidentes o similares a las empleadas en sus propias campañas por alguna de las entidades políticas concurrentes a las elecciones.”

El Partido Popular de Oleiros entiende que el presente número de Vivir en Oleiros, vulnera dicha prohibición, y es un acto de propaganda electoral de Alternativa dos Veciños financiado con dinero público”.

Grupo Municipal Socialista / Covadonga Díaz Varela. Voceira do Grupo Municipal PSdeG - PSOE. Concello de Oleiros



## Me despido con un “hasta pronto”

Estimados vecinos, en este el último Vivir Oleiros de esta legislatura, me gustaría hacer un breve resumen de mi gestión en estos cuatro años.

Después de los resultados obtenidos en las elecciones municipales del 2007, decidí asumir el puesto en la oposición, pero también decidí hacer una oposición responsable, pensando siempre en vuestras prioridades y vuestras necesidades; desbloqueando el funcionamiento del Concello.

Participé activamente y con un papel muy importante en el desbloqueo del Plan General, aportando propuestas que lo mejoraron considerablemente. Enmendé los presupuestos del

2008 y del 2010 incluyendo propuestas que hoy son una realidad en Oleiros. Es decir, contribuí a un Oleiros mejor, también a través de mociones y de las reclamaciones que me hicisteis llegar. No fui Gobierno, pero desde mi puesto en la oposición he conseguido cumplir el programa electoral que hace cuatro años presenté como candidata a la Alcaldía de Oleiros. Ha sido una etapa dura, no es fácil ser oposición responsable, lo fácil es decir siempre **NO**. Pero ha sido también una etapa productiva, donde he conseguido a través del diálogo, aquellas propuestas que en mi programa os estaba prometiendo. Y como no, ha sido una etapa distinta en la política de Oleiros, una etapa

basada en el diálogo, la negociación, el respeto... “sin crispaciones”, como en otras épocas hemos vivido los oleirenses.

En esta nueva etapa que comienza, no estaré, ha habido “circunstancias que han impedido que yo vuelva a ser la portavoz de mi grupo municipal”

Me siento orgullosa de haberos representado durante estos años, y de haber trabajado para conseguir mejorar este Oleiros en el que vivimos. Sé que a unos os gustará más, y a otros menos, pero lo he hecho siempre pensando en que era lo mejor para Oleiros y para vosotros. Quiero agradeceros vuestro apoyo en las urnas hace cuatro años, 3404 votos me dieron la

oportunidad de conseguir lo que os prometía en campaña electoral, apoyo que dio al PSOE los mejores resultados de las últimas legislaturas, y también el apoyo de estos días y de los últimos meses, no sólo en la calle, sino también a través de llamadas, mensajes y correos electrónicos. Como sabéis el grupo socialista estará formado por otros compañeros entre los cuales yo no estaré, a los cuales deseo suerte para conseguir superar los resultados obtenidos por mí en el 2007. Seguiré a vuestra disposición para lo que necesitéis, como vecina y como socialista.

**HASTA PRONTO** queridos oleirenses.

Bloque Nacionalista Galego / Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros.



## BNG = Novas ideas para Oleiros

Canto tempo deberemos aínda agardar para reaccionar ante a actual situación de crise que non só está a afogar economicamente moitas familias oleirenses senón tamén os propios orzamentos do Concello?

É necesario saírmos do camiño trillado dos anos pasados en que se esqueceu a creación do tecido produtivo e se fiou o crecemento á construción de novas urbanizacións. Hoxe iso xa non é po-

sible, nin desexable.

Son precisas **novas ideas**. E saber poñelas en práctica para que Oleiros non se pare, para que siga progresando. Non abonda con queixarse, nin botar arroutas. Que non nos falen de odios e si de **cooperación**, que en vez de dividir se sumen esforzos. Hai que facer propostas de futuro realistas.

**Ser de esquerdas** é desenvolver desde o Concello

políticas acaídas aos novos tempos. Políticas realistas para o **desenvolvemento económico** en áreas ata o de agora totalmente abandonadas como o comercio, o turismo, a pequena empresa, os autónomos e novos emprendedores, que dinamicen a vida de Oleiros. Políticas decididas para dotar Oleiros do **transporte público** que os veciños e veciñas están demandando. Un **Oleiros** que con 35.000 habitantes ten unha enorme

**potencialidade económica.**

**Ser de esquerdas** é liderar **políticas sociais** e de **benestar**, apoiando as familias, as persoas dependentes, a mocidade, as persoas que procuran emprego. Políticas decididas, verdadeiramente progresistas, lonxe de personalismos e localismos miopes. **Transparentes** e iguais para todos e todas.

Este é o **compromiso** do **BNG** con Oleiros.



# EDITORIAL

## ● O dereito a indignarse

◆ Exercer o dereito a mostrar indignación fronte aos atropelos e desvaríos da clase dirixente é síntoma de que a sociedade está viva. A Historia está chea de exemplos, uns máis transcendentales que outros pero todos eles valiosos, que ilustran a oportuna actuación de colectivos para mostrar o seu rexeitamento fronte á deriva que tomaba o poder, forzar a este a cambiar a súa folla de ruta e se fose preciso chegar a derrocalo aínda que lle custase sangue, suor e bágoas.

O abuso de posición dominante, as chamadas leis do mercado para referirse aos todopoderosos movementos especuladores e tráfico de influencias, a corrupción como sostén de prácticas clientelares e mafiosas, a práctica legalizada da usura están detrás da crise que levou a esta sociedade ao borde da quebra. Unha sociedade que en moitas das súas capas deixou que actuase o cancro da soberbia, educada na abundancia cega, na sempre presenza de dereitos e case nunca de obrigas e invitada pola banca e pola publicidade mediática a vivir por riba das súas posibilidades. Neste país invertido, a cabalo entre os privilexiados que viven na opulencia achegando pouca forza de traballo e os que malviven cun salario de miseria traballando de sol a sombra, aflora un clima anticonstitucional que mantén baixo o xugo da pobreza a varios millóns de cidadáns e cidadás incapaces de acceder a unha oportunidade no mercado laboral. É o mesmo contexto no que as grandes multinacionais e a banca manteñen os seus grandes balances de ganancias acudindo a "saneamentos" dos seus custos en persoal ao abeiro do mesmo Estado que lles axudou a capear os tempos difíciles.

Os termos "indignación" e "indignados" foron desvirtuados pola prensa, a radio e a televisión da dereita recalitrante e tamén polos grupos de poder que viron nos manifestantes unha ameaza fronte aos intereses do *status quo*. A actuación de grupos incontrolados que nada ten que ver co espírito do 15 M serviulles de coartada para desacreditar un movemento de protesta que aglutina a persoas de todas as ideoloxías cunha motivación común: rebelarse fronte á prepotencia e a inmunidade de que goza unha clase dirixente que permite ao gran capital o secuestro dos seus dereitos reais e das súas liberdades.

Son os afectos ao poder, os favorecidos polo sistema, os que mostran interese en encher de connotacións negativas a palabra **indignación**, presentándoa como sinónimo de actuación violenta.

E, en esencia, ese sentimento lícito nada ten de violento e si moito de revolucionario. Indignarse significa, fronte ao *pasotismo* de décadas tan vituperado, estar vivo, rebelarse, intentar transformar a realidade, a sociedade.

Sen a indignación, o Concello de Oleiros sería hoxe un modelo de crecemento en moles de edificios, ao borde do litoral e con saneamentos irregulares. O rural estaría desvertebrado e abandonado, carente de dotacións sanitarias, escolares, culturais e recreativas. A rede viaria e os transportes públicos chegarían só aos núcleos principais. Sen a indignación como motor de arranque fronte á actuación á marxe da lei de quen precederon no Goberno, Alternativa dos Veciños non conseguiría parar os excesos urbanísticos no territorio municipal e non chegaría ao día de hoxe, con maioría absoluta tras vinte e oito anos de goberno, a consolidar unha forma de administrar os recursos públicos atendendo á extensión dos servizos e os estándares de asentamentos que achegan a cantos vivimos nesta porción do golfo ártabro unha calidade de vida diferencial e envexable. Pero non somos conformistas. Por iso estamos indignados: porque necesitamos prazas para os nosos nenos de 0 a 3 anos, e un novo colexio en San Pedro de Nós, neste termo municipal que crece exponencialmente en poboación; porque os nosos maiores esperan desde hai un ano a apertura do centro de día das Galeras e os nosos veciños de Mera a reparación da casa do mar; porque, para rematar unha vella reivindicación froito da "indignación" dos oleirenses, é urxente a conexión da vía Ártabra coa rede de alta capacidade, porque queremos recibir a porcentaxe que nos corresponde por impostos para atender unha demanda de servizos tan crecente como o número de habitantes...

Como sempre quedará moito por facer, a nosa obsesión será a de estar atento ás demandas lícitas dos veciños e veciñas que nos axudarán a mellorar a xestión alí onde a nosa capacidade non se mostrase suficiente.

Porque Alternativa naceu como un movemento de indignación, porque ese espírito segue vivo, sempre estaremos cos inconformes pola vía pacífica e neste contexto de crise especialmente con maior sensibilidade.

A indignación é o motor da evolución, o *pasotismo* un camiño á derrota.

### RADIOLEIROS por directa e inmediata

**101.5 FM**

para informar, para falar, para escoitar,  
para entreter, para acompañar, para ti

■ Todos os días ■ Toda a información ■ A TÚA RADIO

# O Concello mellora a Casa Labarta para convertela en escola infantil ▼



◆ Ante a negativa da Consellería de Traballo e Benestar Social da Xunta de Galicia de adecuar a Casa Labarta como escola infantil, o Concello de Oleiros levará a cabo a obra debido á imperiosa necesidade que o municipio ten deste tipo de equipamentos e á importancia de que os veciños e veciñas da zona norte conten con esta no menor prazo posible. A Casa Labarta xa funcionara no pasado como escola unitaria. Cos traballos de adecuación que o Goberno local levará a cabo, esta instalación aloxará unha escola infantil dedicada a nenos e nenas de 0 a 3 anos.

O Concello de Oleiros contratou as obras de mellora e adaptación deste inmoble por un importe total de 240.000 euros con recursos propios e con fondos derivados da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Os traballos lévanse a cabo desde o pasado mes de maio e prevese que poida entrar en funcionamento no próximo mes de outubro. Para que isto sexa posible, o Concello levará a cabo xestións coa Consellería de Traballo e Benestar para a dotación do persoal docente necesario para esta escola.

## Adxudicado o mantemento de diversos parques do municipio ▼

■ Trátase de máis de 550.000 metros cadrados que suporán un investimento anual de 671.330,51 euros

◆ O Concello de Oleiros adxudicou o mantemento de máis de 550.000 metros cadrados de zonas verdes do municipio por un importe total de 671.330,51 euros ao ano durante un período de 4 anos. Esta contratación garante a calidade das zonas verdes do municipio, xa que os case 450.000 metros cadrados restantes ata completar o millón de metros cadrados de parques cos que conta o municipio son conservados por operarios do servizo municipal.



## O Concello saca a concesión as naves do viveiro de empresas de Iñás



■ Este viveiro de empresas está composto por 20 naves independentes que serán outorgadas en réxime de concesión

◆ O Concello de Oleiros cede en réxime de concesión as naves industriais construídas polo Goberno local no polígono comercial de Iñás e que están destinadas a fortalecer o tecido empresarial do municipio e fomentar o emprego. Este viveiro de empresas está composto por 20 naves independentes que serán outorgadas en réxime de concesión. As instalacións, ideadas para situar estudos técnicos, laboratorios e naves comerciais entre outros, contan cunhas dimensións que oscilan entre os 350 e os 420 metros cadrados.



# Comezou a funcionar a nova escola de danza



◆ O pasado mes de abril comezou a funcionar a nova sede da escola de danza situada na avenida Valle Inclán, nas inmediacións do colexio do mesmo nome. O edificio que ocupa un total de 1.421 metros cadrados dispón dunhas modernas instalacións que inclúen 5 salas de danza, oficinas para a dirección do centro, o profesorado e o persoal de administración. Ademais, dispón duns amplos e cómodos vestiarios. Con este novo equipamento municipal quedan liberadas as aulas que ata hai pouco se dedicaban a este fin no edificio da Fábrica, o que permitirá que estas se utilicen por parte da Escola Municipal de Música e que ademais se creen novas salas de ensaio para músicos e grupos novos.

A nova sede da Escola Municipal de Danza inaugurouse cun pequeno acto organizado para pais e nais do alumnado ao que acudiu o Goberno local, a dirección do centro, composta por Carmen Roche e Víctor Ullate Roche, e personalidades do mundo da arte e da danza como o actor Paco Valladares.


## A Casa Charry conta cun elevador para persoas discapacitadas ▶



### ■ A instalación deste servizo forma parte da política municipal de eliminación de barreiras arquitectónicas

◆ Dentro da súa política de eliminación de barreiras arquitectónicas, o Goberno local instalou un elevador na Casa Charry. Este edificio municipal sitúase nas inmediacións da Casa do Concello, alberga unha sala de exposicións e o salón de plenos do Concello. O novo elevador permitirá acceder á planta alta da Casa Charry a aquelas persoas que presenten unha discapacidade ou a persoas maiores que presenten unha dificultade manifesta para subir á primeira planta.

# Aprobada definitivamente a urbanización de Finca Alonso, en Santa Cruz ▼



## ■ As obras permitirán crear un novo espazo público que contará cunha praza

◆ Está aprobada definitivamente a execución da urbanización do que se coñece como Finca Alonso, no porto de Santa Cruz. Nun curto prazo de tempo contrataranse estas obras que permitirán crear un novo espazo público con máis de 1.600 metros cadrados de praza e varias vías. A zona de ocio desta urbanización, onde ao longo dos últimos anos se viñan celebrando as festas de Santa Cruz, unirase ao

parque que alberga o monumento ao Emigrante, creando unha ampla zona para o gozo de veciños, veciñas e visitantes da localidade.

Á marxe do solo público, e no terzo que lle corresponde ás persoas propietarias situaranse dous edificios de baixo e dúas plantas, un deles anexo á parte traseira da rúa O Repicho.

## Salvador de Madariaga será unha rúa máis segura

◆ O Concello de Oleiros mellorou sensiblemente a seguridade viaria na avenida Salvador de Madariaga. Esta vía, que comunica o núcleo de Montrove coa zona do Seixal, soporta diariamente unha importante cantidade de tráfico. Así mesmo, a estrada está situada nun contorno moi poboado, o que orixina un gran tránsito de peóns. A ausencia de beirarrúas e o escaso ancho da calzada supoñía un importante risco para a seguridade dos transeúntes e dos propios condutores. Cos traballos levados a cabo polo Concello de Oleiros, a rúa dispón de beirarrúas e o aumento das dimensións da calzada permite que o tráfico en ambos sentidos sexa máis fluído. O investimento municipal nesta importante obra é de 241.400 euros.



### Ademais...

◆ Por outro lado, o Concello está levando a cabo unha serie de traballos encamiñados a mellorar o estado das beirarrúas de distintas zonas do municipio onde o tránsito de vehículos deteriorou este tipo de equipamento. Deste modo, o pasado mes recuperáronse beirarrúas na zona de Solymar e na urbanización Os Regos.



# Ana Kiro, sempre en Mera ▼



◆ O pasado marzo inaugurouse a praza Ana Kiro, antiga praza da Baía, na localidade de Mera. Este belo espazo aberto ao mar está dedicado á artista da canción galega Ana Kiro, residente no municipio ata o seu falecemento. Ana Kiro é moi querida na localidade pola súa vinculación cos colectivos culturais da zona norte do municipio, en

especial coa coral de Mera. A artista da canción galega elaborou ao longo da súa vida profesional unha extensa discografía. Parte dos títulos das súas cancións forman agora parte da praza. O Concello gravou sobre as lousas deste espazo o nome dalgunhas das pezas que a cantante popularizou ao redor de todo o mundo.

## O sindicalista ► Marcelino Camacho, presente en Oleiros

◆ O parque Marcelino Camacho xa é unha realidade no noso municipio. Esta zona verde de Rialta foi dedicada nunha homenaxe que o Goberno local fixo ao histórico sindicalista e no que participaron a súa viúva, Josefina Samper, e a súa filla, Yenia Camacho. O parque está situado ao lado doutro parque en honor a un defensor das persoas traballadoras, o parque Nicolás Redondo. Marcelino Camacho dedicou a súa vida á defensa dos traballadores e das traballadoras en España, foi militante do PCE e un dos fundadores de Comisións Obreiras en 1976. Camacho dirixiu CC.OO. como secretario xeral desde a súa creación ata 1987, cando foi nomeado presidente honorífico. Ao longo da súa traxectoria profesional recibiu distintivos como a Medalla ao Mérito Constitucional.



## Nova imaxe para o mercado municipal

◆ O Concello de Oleiros levou a cabo unha serie de melloras no mercado municipal que se executaron a través da sinatura dun convenio coa Dirección Xeral de Comercio. Os traballos consistiron na reposición de todos os portalóns dos postos de compra o que provocou unha importante mellora do aspecto estético do interior do mercado. O importe total destes traballos ascendeu a 89.921,91 euros.



## SE TES CAN, TES OBRIGAS

► é polo ben de todos, respecta as normas

...as bolsas son para usalas!



## Dous novos parques xa están a disposición dos veciños



■ *Estas zonas verdes sitúanse nas proximidades, do centro de saúde, do colexio A Rabadeira e do centro deportivo municipal da localidade*

◆ O Concello puxo en funcionamento dous novos parques situados nas inmediacións da Casa do Concello, nas urbanizacións que se están a construír dentro da segunda fase do Obelisco e na Pezoca. Estas zonas verdes incrementan os parques da parroquia de Santa María de Oleiros e súmanse aos máis dun millón de metros

cadrados de espazos verdes dos que dispón o municipio. Ademais, contribúen a mellorar enormemente a calidade ambiental do contorno onde se sitúan. Deste xeito, a localidade de Santa María de Oleiros, capital do municipio, mellora sensiblemente as zonas de ocio das que dispoñía.

## Expropiación da praza do Arxentino ▼

■ *Deste xeito o Concello soluciona o grave problema creado aos residentes do edificio Casablanca*

◆ O Concello de Oleiros, ante a esperpéntica situación pola que se ve obrigado a levantar parte do pavimento xunto cos servizos da rede de sumidoiros, abastecemento de auga e gas, entre outros, na praza do Arxentino, na localidade de Mera, procederá á súa expropiación.

Deste xeito o Concello soluciona o grave problema creado aos residentes do edificio Casablanca, situado nas inmediacións da praza, e que xurdiu tras unha sentenza que incomprensiblemente reconece como propietarios da zona que dá acceso ás vivendas e aos locais comerciais deste edificio aos promotores da urbanización, a pesar dos máis de 40 anos de uso público. A medida da expropiación evita a destrución parcial da praza e garante o aprovisionamento de servizos a este edificio.





## O Concello contrata as obras do POS ▼

■ *Os traballos, entre outras melloras, inclúen o soterramento de contedores de lixo en Santa Cristina e un parque no Valiño*

◆ O Goberno municipal está a contratar as obras incluídas no Plan Provincial. Os traballos incluídos neste plan son a construción dun parque infantil na urbanización O Valiño, por un importe total de 48.000 euros. Ademais este plan prevé o soterramento de contedores de lixo na avenida Santa Cristina, para eliminar os actuais puntos de vertido que tanto degradan o aspecto da zona. Esta obra suporá un investimento total de 194.000 euros.

Así mesmo, procederá a contratar o reasfaltado e a mellora de varias rúas do municipio, entre as que se inclúen a renovación completa do

asfaltado na rúa Rosales, en Perillo e a rúa dos Niños, na urbanización Bastiagueiro. Tamén se renovarán os pasos de peóns elevados e se solucionarán as fochas na urbanización Cavamontes. Ademais construíranse 10 pasos elevados na zona de Santa Cristina e retocarase o pavimento. Estes traballos suporán un investimento total de 188.000 euros.

Ademais dentro deste plan e en previsión das posibles baixas no prezo de licitación dos proxectos anteriormente mencionados, prevé a renovación da sinalización vertical e horizontal de varias zonas do municipio. Estes traballos suporán un gasto de 95.000 euros.

## O Concello de Oleiros solicita financiamento europeo para levar a cabo tres importantes proxectos ▼

■ *As obras, que suporían un investimento total de 2.192.928 euros, aferrarán o consumo enerxético, desenvolverán un novo viveiro de empresas e mellorarán a accesibilidade no núcleo de Santa Cristina*

◆ O pleno municipal que tivo lugar o pasado 28 de marzo deu luz verde á proposta do Concello para solicitar financiamento para levar a cabo un importante proxecto de desenvolvemento local, mediante fondos europeos Feder. Este proxecto, que ten un importe total de 2.192.928,24 euros, inclúe tres importantes obras entre as que se inclúe a implantación de novas tecnoloxías para o aforro enerxético e a mellora da calidade medioambiental na iluminación pública municipal. Isto conseguirase cun investimento de 732.736,38 euros, mediante a instalación de reloxos astronómicos, redutores de fluxo, substitución de lámpadas por outras máis eficientes, instalación de condensadores para eliminar enerxías reactivas e eliminación de globos contaminantes. A actuación permitirá reducir a factura eléctrica e tamén a emisión de gases de efecto invernadoiro, e trátase dunha proposta emanada da recentemente realizada Auditoría Enerxética Municipal.

A segunda das actuacións consiste na posta en marcha do Viveiro Municipal de Empresas situado no polígono de Iñás. Nesta nave que está en construción prevense locais para alugar a industriais e comerciais e a actuación que se pretende financiar cos fondos Feder é a habilitación interior de dous destes locais para recepción, servizos comunitarios de todas as naves e a creación de despachos e salas para emprendedores. Esta actuación ten un importe previsto de 790.971,20 euros.

Tamén se mellora a accesibilidade no núcleo de Santa Cristina, coa renovación dos pavimentos peonís de toda a avenida de Santa Cristina, ampliación da iluminación das beirarrúas con tecnoloxía LED, a eliminación de barreiras e a mellora dos pasos de peóns do resto das rúas, así como o soterramento de liñas aéreas, o que mellorará sensiblemente este contorno. Este proxecto ten un importe total de 669.220,66 euros.

## A Xunta rectifica e dá por válida a parcela para o novo colexio de Nós

◆ As mobilizacións veciñais e a presión exercida polo Goberno local fixeron cambiar de parecer á Xunta respecto á idoneidade da parcela cedida polo Concello de Oleiros para edificar un novo colexio en Nós. Tras sinalar hai meses que os terreos cedidos non eran aptos para edificar, a Xunta rectifica e agora considera apto o terreo. O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, sinalou que o cambio de opinión da Xunta produciuse grazas ao labor do Concello e da presión exercida polos colectivos veciñais e a comunidade escolar.

O pasado mes de outubro, o Concello de Oleiros denunciou que a Consellería de Educación non contratara aínda a redacción do proxecto do novo colexio de Nós, a pesar de contar para iso cunha partida de 150.000 euros incluída nos orzamentos e dispor dunha parcela cedida polo Concello para este fin. Ante as críticas, e co único obxectivo de xustificar a súa inoperancia e falta de xestión, o Goberno autonómico escusouse entón a través do portavoz local do PP argumentando que a parcela cedida non era válida para edificar o centro escolar «porque carecía de servizos». Días despois foi o delgado territorial, Diego Calvo, quen repetiu ante os medios de comunicación que o colexio «non se construíría no terreo cedido polo Goberno local» porque non era válido.

Ante a gravidade da situación, o Concello convocou a toda a comunidade escolar a unha reunión na que se acordou iniciar unha serie de iniciativas para lograr que a Xunta levase a cabo este necesario proxecto. O alcalde solicitou unha cita urxente co conselleiro de Educación, quen catro meses despois aínda non respondeu á solicitude e elude publicamente «problemas de axenda» para non recibir a García Seoane. Ademais, na reunión acordouse tamén levar a cabo unha recollida de sinaturas por parte das AMPAS e iniciar mobilizacións. Estas mobilizacións culmináronse coa manifestación multitudinaria que tivo lugar o pasado mes de xaneiro en Nós. Horas antes de que se levase a cabo esta protesta, o Goberno autonómico, co único obxectivo de desconvocar a protesta e gañar tempo, remitiu ao Concello de Oleiros e aos medios de comunicación un fax onde recoñecía a valía dos terreos e instaba ao executivo local a achegar máis documentación.



# A que se nos vén enriba... ▼

■ *O canon da auga imposto pola Xunta dentro da Lei da auga suporá un incremento medio dun 24% no recibo*

◆ O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, denunciou publicamente o gravísimo impacto económico que a nova Lei da auga impulsada pola Xunta de Galicia terá para os veciños oleirenses e para toda a cidadanía de Galicia. García Seoane explicou que a entrada en vigor da nova Lei da auga suporá a aplicación dun novo canon sobre o recibo de 1,5 euros por cada membro da familia e cada mes. Ademais deste importe os veciños deberán aboar 0,41 céntimos por cada metro cúbico consumido a partir dos oito litros en función do consumo mensual. Deste xeito, segundo sinalan os informes técnicos, o recibo da auga dunha familia de catro membros verase incrementado aproximadamente un 24%, non por unha subida do prezo do consumo, se non en concepto de taxa imposta polo Goberno da Xunta de Galicia. García Seoane avisou ademais de que a Lei, que foi aprobada o pasado 26 de xaneiro, podería ter efecto retroactivo. O alcalde de Oleiros mostrouse partidario de informar a cidadanía sobre a entrada en vigor desta lei e non descarta iniciar unha serie de mobilizacións cos obxectivos de informar e denunciar esta inxustiza á cidadanía.



## Comeza a funcionar o novo cuartel da Garda Civil ▼



■ Vista das novas e modernas instalacións do cuartel da Garda Civil de Oleiros na Pezoca

◆ O novo cuartel da Garda Civil en Oleiros xa está en funcionamento. O equipamento está situado na rúa Pezoca, na zona coñecida co mesmo nome, na parroquia de Santa María de Oleiros, nun punto estratéxico do municipio. As modernas instalacións albergan medio centenar de axentes que velan pola seguridade no municipio. Ademais o cuartel está preparado para soportar un maior número de persoal, xa que as previsións son que o número de axentes se incremente nun futuro inmediato, segundo sinalaron fontes do Ministerio de Interior. O cuartel da Pezoca dispón de seis vivendas para persoal, unha para

o mando do cuartel, outro módulo para axentes solteiros e un terceiro para aqueles que o soliciten ou para albergar persoal desprazado en época estival, cando o número de axentes incrementase de forma considerable polo perfil turístico do noso municipio. O Goberno local mostrouse satisfeito por lograr que este importante servizo para Oleiros sexa xa unha realidade, aínda que para iso houbera que esperar máis de 10 anos. O Concello fixo un importante esforzo hai unha década investindo máis de 200.000 euros para lograr que o cuartel se quedase en Oleiros e non fose trasladado a outro concello.



# As persoas abonadas da piscina de Oleiros e do complexo deportivo de Dorneda xa poden utilizar as dúas instalacións de forma indistinta

◆ As persoas abonadas da piscina municipal de Oleiros xa poden utilizar o complexo deportivo de Dorneda e viceversa. Esta importante mellora, que permite entre outras moitas cousas usar calquera das dúas instalacións en función dos horarios das usuarias e usuarios, as actividades preferidas ou o nivel de ocupación, é posible grazas ao cambio de empresa xestora que se produciu o pasado 23 de xuño. Nesta data comezou a súa actividade a empresa Aqualia que substituíu a Sidecu na xestión da piscina municipal de Oleiros e quen xa se ocupa da xestión do complexo deportivo de Dorneda desde a súa apertura o pasado ano. Ademais, Aqualia farase responsable o próximo mes de novembro das outras dúas piscinas municipais, a de Perillo e a da Fábrica, polo que estas flexibilidades de uso para as persoas abonadas estenderanse á totalidade dos complexos deportivos do municipio.

Durante o pasado mes, o cambio de xestión obrigou ao Concello de Oleiros e á nova empresa a iniciar un novo proceso de inscrición, xa que Sidecu negouse incomprensiblemente a entregar a listaxe de usuarios ao concello. Finalmente, e tras a mediación do Goberno local, entregounos, polo que non foi necesario que todos os usuarios e usuarias levaran a cabo este trámite, aínda que algúns si se viron afectados pola negativa da anterior concesionaria.

Na actualidade, Oleiros conta con catro piscinas municipais e tres complexos deportivos de altas prestacións, o que sitúan o noso municipio na vangarda de equipamentos deportivos deste tipo a nivel nacional, situando o ratio de instalación deportiva por habitante á altura de cidades como Vitoria ou Barcelona.

SERVIZO:	PREZO/MES:
<b>Abonados/as:</b>	
• Individual de mañá	21,94 ¢
• Individual xeral	26,30 ¢
• Familiar	39,45 ¢
• Abono mocidade (ata 25 anos inclusive)	17,53 ¢
• Maiores de 60 anos	19,29 ¢
• Cota de mantemento	8,90 ¢
• Cota de inscrición familiar	36,65 ¢
• Cota de inscrición individual	36,65 ¢
<b>Non abonados/as:</b>	
• Entrada libre (Prezo/día)	7,25 ¢
<b>Programa municipal:</b>	
• Actividade acuática para embarazadas	24,08 ¢
• Actividade acuática de recuperación posparto	24,08 ¢
• Actividade acuática para bebés	12,03 ¢
• Actividade acuática de escolas públicas infantís	8,01 ¢
• Actividade acuática de centros de ensino público de primaria	12,03 ¢
• Actividade acuática de centros de ensino público de secundaria	15,24 ¢
• Actividade acuática para Servizos Sociais	15,24 ¢
• Programa acuático de recuperación funcional	19,25 ¢
• Programa acuático especial para disfuncións físicas	20,60 ¢
• Programa acuático especial para disfuncións psíquicas	20,60 ¢
<b>Prezos especiais:</b>	
• Desconto a familias numerosas de categoría especial	10%
• Desconto a familias numerosas de categoría xeral	5%
<b>Outras tarifas de abonados/as:</b>	
• Cursos de natación desde 18 anos (2 días á semana)	20,73 ¢
• Cursos de natación desde 18 anos (1 día á semana)	12,50 ¢
• Cursos de natación bebés, de 12 a 36 meses (2 días á semana)	7,14 ¢
• Cursos de natación ata 18 anos	8,77 ¢
• AQUAGYM ou cursos similares (2 días á semana)	19,44 ¢
• AQUAGYM ou cursos similares (1 día á semana)	12,50 ¢
• BYKEINDOOR (asistencia libre diaria, ata completar a capacidade da sala)	4,32 ¢

## ACTIVIDADES PARA O MES DE XULLO DE 2011 NO CENTRO DEPORTIVO DE OLEIROS:

LUNS:			MARTES:			MÉRCORES:			XOVES:			VENRES:		
HORA	SALA	ACTIVIDADE	HORA	SALA	ACTIVIDADE	HORA	SALA	ACTIVIDADE	HORA	SALA	ACTIVIDADE	HORA	SALA	ACTIVIDADE
09:30	2	STEP-TONE	09:30			09:30			09:30			09:30		
10:00	2	G.A.P.	10:00	3	BODY FLEX	10:00	2	G.P.A.	10:00	2	STEP-TONE	10:00	2	ABDO GYM
	3	BODY BOX					3	FIT POWER		3	ABDO GYM		3	BODY BOX
10:30	3	BODY MOVE	10:30	2	L.T.R.	10:30	2	BODY MOVE	10:30			10:30	4	BIKE I
11:00	3	ABDO GYM	11:00	3	FITNESS	11:00	3	BIKE II	11:00	2	BODY MOVE	11:00		
11:30	P	AQUAFIT	11:30			11:30			11:30			11:30		
12:00			12:00	P	AQUAFIT	12:00			12:00	P	AQUAFIT	12:00		
19:00	P	AQUAFIT	19:00	P	AQUAFIT	19:00	2	BODY FLEX	19:00	3	ABDO GYM	19:00	2	L.T.R.
	2	L.T.R.		2	ABDO GYM					2	POWER FLEX			
19:30	3	FIT PILATES	19:30	3	BODY BOX	19:30	P	AQUAFIT	19:30	4	BIKE I	19:30		
				2	BODY FLEX									
20:00	2	STEP-TONE	20:00	4	BIKE II	20:00	2	BODY MOVE	20:00	3	FIT POWER	20:00	4	BIKE I
	4	BIKE I					3	FITNESS		4	BIKE I			
20:30	3	BODY MOVE	20:30	3	FIT POWER	20:30	4	BIKE II	20:30	4	BIKE II	20:30	2	STRE CHING
	4	BIKE II												
21:00	2	ABDO GYM	21:00	2	STRE CHING	21:00	3	ABDO GYM	21:00	3	STRE CHING	21:00		
				4	BIKE I		2	STEP-TONE						



# Constituída a nova corporación municipal

◆ O pleno municipal realizado o pasado 11 de xuño no auditorio do centro cultural A Fábrica acordou cunha ampla maioría a renovación do Goberno local de Alternativa dos Veciños. Durante a súa investidura o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, pronunciou ante un salón abarrotado por máis de 300 veciños e veciñas un discurso no que sinalou os principais proxectos do goberno que preside e o camiño que o municipio debe tomar durante os próximos catros anos.


Para levar a cabo a xestión municipal, o grupo de Goberno deseñou unha estrutura funcional e moderna onde cada un dos concelleiros é responsable dunha serie de áreas. Os responsables destas áreas do goberno están obrigados a ter dedicación exclusiva ao Concello e non poden compatibilizar a súa actividade con outra en empresas privadas, o que obrigou algún membro do novo goberno a solicitar unha excedencia nas administracións e empresas nas que traballan.

Os salarios que percibirán os membros do Goberno son os mesmos que ata agora rexían na corporación para cinco dos seus compoñentes, mentres os seis restantes minoran en 5.000 euros anuais a cantidade que percibían os anteriores concelleiros.




## A NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL

### Grupo de Goberno de Alternativa dos Veciños



- 1 Alcalde, Ángel García Seoane
- 2 Primeira tenente de alcalde e concelleira de Interior e Seguridade Cidadá, Medio Ambiente, Economía e Facenda, Novas Tecnoloxías e Urbanismo, María José Varela Neira
- 3 Segunda tenente de alcalde e concelleira de Participación Cidadá, Comunicación, Cooperación e Recursos Humanos, Marga Figueroa Vázquez
- 4 Terceira tenente de alcalde e concelleira de Cultura e Normalización Lingüística, Esther Garrido Pan
- 5 Cuarta tenente de alcalde e concelleira de Deportes, Turismo e Formación e Emprego, Teresa Vázquez Maseda
- 6 Quinto tenente de alcalde e concelleiro de Benestar Social, Sanidade e Consumo, Ignacio Crespo López
- 7 Sexto tenente de alcalde e concelleiro de Servizos Municipais, Venancio José Ramos Pereiro
- 8 Concelleiro delegado de Obras Públicas, Rodrigo López Piquín
- 9 Concelleira delega de Facenda e Contratación, Eva María Rioboo Ponte
- 10 Concelleira delegada de Ornato Medio Ambiental, Parques e Xardíns, Rosa María Méndez Gómez
- 11 Concelleira delegada de Ensino e Xuventude, Sandra Fernández Fernández

### Grupo municipal do Partido Popular



- 1 Portavoz, Pablo Cobián Fernández de la Puente
- 2 Begoña Pazos Villaverde
- 3 José Antonio Dans
- 4 Andrés Delgado
- 5 Patricia Suárez
- 6 Manuel Saavedra
- 7 Óscar Maceiras

### Grupo municipal do BNG



- 1 Portavoz, Manuel Sarmiento

■ A grande afluencia de público ao pleno de investidura abarrotou o auditorio da Fábrica, habilitado especialmente para esta cita.

### Grupo municipal do PSdeG-PSOE



- 1 Portavoz, Luís Vázquez
- 2 Ana Rey



### TÁBOA DE SALARIOS BRUTOS ANUAIS DOS MEMBROS DO GOBERNO LOCAL:

● Alcalde.....	54.000 euros
● Primeira tenente de alcalde e responsable de Interior e Seguridade Cidadá, Medio Ambiente, Facenda e Obras Particulares..	40.000 euros
● Segunda tenente de alcalde e responsable de Participación Cidadá, Cooperación e Recursos Humanos.....	40.000 euros
● Terceira tenente de alcalde e responsable de Cultura e Normalización Lingüística.....	30.000 euros
● Cuarta tenente de alcalde e responsable de Deportes, Turismo e Formación e Emprego.....	30.000 euros
● Quinto tenente de alcalde e responsable de Benestar Social, Sanidade e Consumo.....	30.000 euros
● Sexto tenente de alcalde e responsable de Servizos Municipais.....	30.000 euros
● Responsable de Obras Públicas.....	25.000 euros
● Responsable de Facenda e Contratación.....	25.000 euros
● Responsable de Ornato Ambiental, Parques e Xardíns.....	25.000 euros
● Responsable de Ensino e Xuventude.....	25.000 euros



## Un centro de día para a casa do mar de Mera



◆ Por fin, e tras máis de tres anos de demandas por parte do Concello de Oleiros, a Xunta tratará as obras de mellora da casa do mar de Mera. O Goberno autonómico, como único propietario desta instalación, estaba na obriga de levar a cabo os traballos necesarios para poder prestar un correcto servizo a persoas maiores desta localidade e de toda a zona norte do municipio.

As obras consistirán na creación dun pequeno centro de día no que se atenderá ata un total de 40 persoas usuarias. Así mesmo, mellorarase a sede do centro social de xubilados de Serantes, Maianca e Dexo, que tamén alberga a planta alta deste edificio.

Deste xeito, cúmprese a demanda do Goberno local e dos colectivos veciñais da zona. O Concello concedeu a licenza para levar a cabo os traballos a través do trámite de urxencia o pasado mes de febreiro.

## O Concello dispón de máis do 90% do solo para o novo campo de fútbol de Mera ▶

■ *O Concello de Oleiros compensa os propietarios dos terreos cedidos con unidades de construción*

◆ Varios propietarios de solo nos terreos onde irá situado o novo campo de fútbol da zona norte do municipio asinaron co alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, os convenios para a cesión inmediata destas propiedades. Con este trámite posibilitase a contratación dos traballos de construción da primeira fase deste complexo deportivo.

Pola súa parte, o Concello de Oleiros compensa os propietarios dos terreos cedidos con unidades de construción en dúas urbanizacións situadas no centro de Mera, unha entre as rúas Pinar do Río e Camiño das Escolas, e outra situada entre as rúas Curros Enríquez, A Gándara e Pinar do Río. O Goberno local agradece a boa disposición que os propietarios dos terreos cedidos mantiveron co Concello de Oleiros.



■ Mapa no que se localizan os 26.000 metros cadrados onde o Concello prevé construír o novo campo de fútbol da zona norte do municipio

## O proceso de expropiación da praia de Naval, a punto



◆ O Goberno municipal está a ultimar o proceso de expropiación do solo necesario para levar a cabo por parte do Ministerio de Medio Ambiente a recuperación do contorno da praia de Naval e a creación de accesos e servizos nesta paraxe. Este areal, de forma semicircular de cantos e area, ofrece augas tranquilas e moi cálidas para o baño.

Gran parte dos terreos recuperados foron logrados a través de convenios coas persoas propietarias das zonas lindadeiras coa praia. Unha vez ultimado o expediente de expropiación, que afecta a un total de 16.575 metros cadrados, serán postos a disposición da Dirección Xeral de Costas para que acometa a obra.

O Goberno municipal espera que non exista ningún impedimento por parte do Ministerio para que se leve a cabo de forma definitiva a ordenación da praia de Dorneda.



# O Concello e Costas levan a cabo a reparación dos danos causados polo vendaval nos paseos marítimos



◆ O alcalde do Concello de Oleiros, Ángel García Seoane, reuniuse recentemente co responsable da Demarcación de Costas para demandar que este organismo solucione os danos causados polos vendavais que o pasado inverno asolaron a costa coruñesa.

As obras levaranse a cabo de forma conxunta. Deste xeito, o Concello procedeu a reparar varias zonas do ámbito costeiro degradadas pola acción do mar. Os operarios municipais realizaron os traballos de reposición da pasarela do porto de Santa Cruz. A pesar de que esta zona depende de Portos, o Concello tratará igualmente a obra. Tamén

en Santa Cruz se levarán a cabo traballos de reposición na pasarela situada detrás do castelo, que será substituída por completo. Así mesmo, o Concello reparou a balastrada do paseo de Santa Ana, danada durante o último vendaval que asolou a costa coruñesa e un banco deteriorado que está no paseo marítimo desta localidade.


Pola súa parte, a Demarcación de Costas asume a reposición do paseo marítimo da praia de Bastiagueiro e o acceso á praia de Naval, ambas zonas inmersas na zona marítimo-terrestre, competencia única deste organismo.

## O Concello xa conta cos terreos para o novo paseo de Canide ▼

■ *A senda comunicará a zona de Santa Ana, en Mera, coa península*

◆ O Concello de Oleiros adquiriu a través do sistema de expropiación o solo necesario para construír o futuro paseo marítimo que comunicará a zona de Santa Ana, en Mera, con Canide. O Goberno local poñerá a disposición do Goberno estatal estes terreos para que sexa o encargado de levar a cabo esta obra que mellorará considerablemente

o modo de gozar da costa de Mera. Deste xeito, veciños, veciñas e visitantes do noso municipio poderán camiñar a carón do mar desde a praia de Espiñeiro ata Canide. No futuro, está previsto que este novo paseo continúe a través de sendas nas zonas verdes ata a localidade de Breixo, en Dorneda.





# As urxencias en Oleiros, cubertas as 24 horas do día ▼



◆ O Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil do Concello de Oleiros (SMEPC) foi creado como servizo profesional a principios do ano 2008. A súa orixe está na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello. O SMEPC está composto na actualidade por un grupo profesional de intervención en urxencias, unha Agrupación de Voluntarios de Protección Civil (AVPC) e un grupo de salvamento e socorrismo en praias.

Oleiros é un dos poucos concellos de Galicia que dispón dun servizo profesional deste tipo operativo as 24 horas durante todos os días do ano. É un servizo profesional e permanente coas mesmas funcións de intervención en urxencias que un parque de bombeiros. O SMEPC está financiado ao 100% polo propio Concello. Ademais non percibe axudas nin subvencións de ningunha outra administración, nin en material nin para o seu funcionamento.

Actualmente, o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil está formado por 6 traballadores fixos, un traballador temporal para os catro meses de verán, un auxiliar administrativo e un coordinador do servizo. Este equipo humano mantén unha operatividade durante as 24 horas dos 365 días do ano, intervindo en calquera urxencia. O persoal está perfectamente preparado para realizar o seu traballo e sempre son os primeiros en intervir nas urxencias que suceden no termo municipal de Oleiros.

O SMEPC conta con diverso material para realizar o seu traballo: unha base operativa, 1 camión contra incendios, 1 vehículo de primeira intervención, dous vehículos todo terreo, 1 remolque de apoio loxístico, equipos de intervención en incendios e inundacións, equipos de comunicacións, equipos de rescate en altura, equipos de rescate acuático, 6 embarcacións e todo o material necesario para o desenvolvemento da súa actividade.

As actividades máis destacadas son as intervencións en urxencias, pero as actividades cotiás son as relacionadas coa prevención: operativos preventivos, actividades formativas en autoprotección para colectivos, colaboracións coa policía local na formación en educación viaria nos colexios e a regulación do tráfico na entrada e saída dos colexios, etc. Pero ademais deste tipo de intervencións, en ocasións o Servizo protagoniza misións de urxencia moi meritorias. Este mesmo verán, por exemplo, o Servizo de Emerxencias de Oleiros localizou unha persoa que se atopaba perdida na zona de Mera e que levaba varios días ferida sen comer nin beber, ao final puido ser rescatada e salvou a súa vida.



## Escolliñas co bo tempo

■ *O Concello organiza este obradoiro para rapaces e rapazas nos meses de verán*



◆ O Concello de Oleiros, desde o Departamento de Cultura, organiza durante os meses de xullo e agosto unha serie de actividades dirixidas a escolares. Os obxectivos deste obradoiro de verán son fundamentalmente achegar aos nenos e ás nenas diversos materiais para que a través deles se expresen e ao mesmo tempo, aprendan algunhas técnicas básicas para o seu manexo. O papel, as pinturas, o barro e a plastilina, entre outros materiais, convértense en elementos que lles axudan a espertar a sensibilidade artística e ao mesmo tempo que pasen un tempo agradable con outras persoas da súa idade. Xogar cos volumes, coas proporcións, coa textura e coas cores dos distintos materiais utilizados e agudizar as percepcións son outras das metas propostas. Estas actividades están dirixidas a rapaces e rapazas nados entre 1999 e 2007. Ademais o alumnado descobre as súas posibilidades de expresión en interrelación cos demais, feito este moi importante para o seu desenvolvemento.

Os obradoiros impártense nos meses de verán, época na que os nenos e as nenas teñen máis tempo libre, posibilidade única para que aproveiten de forma lúdica e creativa ese tempo de lecer. Cada quenda terá unha duración aproximada de dúas semanas en horario de mañá: de 10.00 a 12.00 horas ou das 12.15 ás 14.15 horas. As persoas interesadas

poden obter máis información no Departamento de Cultura do Concello ou a través do portal web municipal.

## Xogando co barro

■ *Oleiros pon en marcha un obradoiro de iniciación nas técnicas básicas da olería destinado a rapaces e rapazas*



◆ O Departamento de Cultura do Concello de Oleiros implantou o pasado ano o primeiro obradoiro de olería dedicado a nenos e nenas que se pon en marcha no municipio. O éxito que tivo esta experiencia fixo que se decidira repetir durante o período de vacacións escolares. O curso realízase no alfar situado no Centro Cultural das Torres, en Santa Cruz. A actividade desenvolverase todos os luns e mércores dos meses de xullo e agosto desde ás 10.30 horas ata as 12.00 horas. O obradoiro está dirixido a rapaces e rapazas nados entre 1999 e 2004.

Ao tratarse dun obradoiro de iniciación, o alumnado toma contacto co modelado do barro, coa elaboración de placas, cos xogos de cores e volumes e coa utilización dos diferentes instrumentos de transformación do material. Nunha cocción final poderán comprobar os resultados dos traballos realizados durante as clases. A olería ten unha longa tradición no Concello de Oleiros, coma o seu propio nome sinala, por iso, desde Cultura quérese apostar por un obradoiro que mostre algunhas das formas de manipular o barro.

## Descubrinto o teatro

■ *O Concello organiza un obradoiro infantil de iniciación ao xogo teatral*

◆ Oleiros pon en funcionamento para os meses de xullo e agosto un obradoiro de iniciación ao xogo teatral destinado a escolares. As actividades levaranse a cabo todos os martes e xoves desde as 10.00 horas ata as 11.30 horas no teatro municipal As Torres, en Santa Cruz. Mediante a realización de xogos e actividades, os rapaces e as rapazas desenvolven a expresión corporal e verbal, estimulan a creatividade e a imaxinación e aprenden a colaborar co grupo. Contidos: xogos físico-teatrais, xogos de relación e personaxe, o espazo escénico, estilos teatrais de actuación (máscara, clown, mimo e improvisación). Este obradoiro está dirixido a rapaces e rapazas nados entre 1999 e 2004. Para máis información poden dirixirse ao departamento de Cultura ou consultar o portal web municipal.



## Volve Alfaroleiros, volven os homes do barro

■ *A tradicional festa da olería celebrarase do 3 ao 7 de agosto en Santa Cruz*



◆ O próximo mes de agosto terá lugar a XVII edición da feira de olería de Oleiros, máis coñecida como Alfaroleiros. Será do 3 ao 7 de agosto. Un ano máis oleiros de todo o país achegaranse a Oleiros para sementar o parque Luís Seoane de Santa Cruz de tradición e bo facer, permitindo así que o noso Concello faga honor ao seu topónimo e ás súas orixes. Os señores do barro fan, que durante esa semana, milleiros de persoas acudan a visitar a feira e gocen da pureza dos seus cacharros. Paralelamente á feira serán moitos os actos culturais que levaremos adiante para o gozo de veciños, veciñas e visitantes. Algúns deles dentro de convenios fixados coa Deputación da Coruña e outros con entidades bancarias. Do programa de actividades daremos cumprida conta coa debida antelación.



## Cursos de kaiak de mar na praia de Santa Cruz



◆ Esta actividade está orientada fundamentalmente ao aspecto recreativo, a través das actividades no kaiak de mar. Esta actividade realizarase nas instalacións náuticas da praia de Santa Cruz, situadas debaixo da pasarela de acceso ao castelo. A súa distribución será en cursos intensivos de 5 sesións cada un (10 horas). En cada curso ofertaranse 16 prazas, e a ratio a respectar será a de 1 monitor para

cada 8 alumnos. É obrigatorio saber nadar. Os obxectivos fundamentais son aproveitar e gozar do tempo de lecer en contacto co medio natural, coñecer todas as partes e os elementos dos kaiaks e aprender a realizar as manobras de control e seguridade na embarcación. Os cursos están destinados a rapaces e rapazas que nacesen antes do ano 2001.

## Oleiros organiza campamentos deportivos de verán

◆ O Concello de Oleiros organiza para este verán unha serie de campamentos orientados a rapaces de 6 a 14 anos. As actividades incluídas nestes campamentos deportivos pretenden aproveitar a recreación deportiva como ferramenta na ocupación do tempo de lecer, así como descubrir e dar a coñecer actividades e instalacións con posibilidades de práctica dentro do noso concello. O punto de encontro será o pavillón polideportivo municipal de Bastiagueiro, e desde alí, en caso necesario e segundo o programa diario, desprazaranse as persoas participantes en autobús facilitado polo Concello de Oleiros ata o lugar da actividade. Cada campamento durará unha semana (de luns a venres, de 10.00 a 14.00 horas) e ofertará ata 30 prazas cada un. É obrigatorio saber nadar.

Como norma xeral para as actividades multideportivas é necesario vestir roupa deportiva e cómoda, tamén é recomendable traer crema solar e viseira. A media mañá levarase a cabo un pequeno descanso para repoñer forzas polo que é aconsellable traer algo para xantar, por

exemplo unha peza de froita e auga. O primeiro día facilitarase a programación coas actividades de toda a semana, con levar roupa deportiva é suficiente. Na sesión de xogos acuáticos será necesario levar o seguinte material: gorro, traxe de baño, chancletas e toalla.



Realizarase un percorrido de autobús polo municipio de Oleiros para recoller o alumnado e deixalo posteriormente nos seus enderezos. É obrigatorio especificar na inscrición, da maneira máis precisa posible, o lugar da parada que se solicita, tanto de ida como de volta. O transporte conta con servizo de acompañante. Os listados cos horarios e paradas de autobús estarán expostos nos taboleiros da Fábrica o xoves anterior ao comezo de cada campamento. Para máis información sobre estes campamentos poden poñerse en contacto co servizo municipal de Deportes, situado na Fábrica de Perillo.

## Un verán cheo de competicións municipais



◆ O Concello de Oleiros organiza para este verán un completo programa de competicións municipais que converterán o municipio no centro deportivo da comarca. Deste xeito celebrarase a XXI Bandeira de Traíñas, que terá lugar o 10 de xullo a partir das 11.30 horas no miradoiro de Nirvana, e o XLII Torneo de Fútbol que se disputará nos meses de xullo e agosto, onde poderán participar todos os clubs modestos do municipio. Ademais, o 24 de xullo no polígono de Iñas terá lugar o V Trofeo de Patinaxe de Velocidade do Concello de Oleiros.



## Descubriendo emociones ▼



### ■ Apoio a cuidadores e cuidadoras de enfermos dependentes

◆ Coidar é unha conduta tan natural como aprender a vestirse ou a camiñar. Dalgún modo todos somos cuidadores e persoas ás que coidar. No transcurso das nosas vidas inevitablemente exercemos ambos roles.

Na vida das persoas con dependencia, o coidado que lle pode dar un membro da familia xoga un papel esencial. Neste momento cada familiar pasa a ser a persoa cuidadora informal e debe aprender a coidar. Posiblemente a súa vida se entregue totalmente á do enfermo ou da enferma, se converta nun experto enfermeiro ou enfermeira e adquira altos coñecementos sobre a enfermidade. Vai ter que facerse cargo dunha gran cantidade de tarefas que a van colocar nunha situación de alta vulnerabilidade. Asumir este papel constitúe unha importante fonte de tensión que vai incrementar o risco de que padeza unha enfermidade física e importantes alteracións emocionais. Resulta polo tanto esencial prestar apoio ás persoas cuidadoras, axudalas a coidar e coidarse mellor.

Con este obxectivo estamos traballando desde o ano 2009 no Concello de Oleiros. Desde Benestar Social e a asociación AFACO, deseñamos unha actividade que denominamos “Descubriendo Emocions” na que a través do traballo realizado polo psicólogo Juan Bonome e a musicoterapeuta Mita Beutel as persoas que son cuidadoras dun familiar se

reúnen para realizar unha actividade de grupo terapéutica que lles axude a adaptarse mellor á situación que están vivindo.

A través desta actividade as persoas conectan con outras que teñen problemas e intereses comúns, comparten, aprenden estratexias e reciben información. E adquiren habilidades que lles axudan a enfrontarse aos problemas e conseguir realizar actividades gratificantes.

Desde novembro do ano 2009 xa foron 60 as persoas que participaron nesta actividade. O perfil maioritario da persoa usuaria desta actividade corresponde a unha muller cunha idade entre os 40 e os 59 anos que coida un pai ou unha nai con demencia. Pero esta é a media, xa que no grupo tamén participan homes, cónxuxes de avanzada idade ou menores dos 40 anos que coidan familiares que sofren outro tipo de enfermidades.

As persoas que participan nesta actividade, primeiro acoden a un obradoiro dunha duración de 8 sesións semanais. Unha vez que participaron nesta primeira actividade incorpóranse ao grupo de seguimento que se reúne cada quince días e que ten como obxectivos fomentar e establecer unha cadea de apoio social e controlar e avaliar a situación anímica das persoas participantes.

## A Xunta continúa a manter o centro de día das Galeras pechado e baleiro ▼

◆ O Goberno da Xunta de Galicia continúa a manter pechado o centro de día das Galeras 10 meses despois de que os traballos de construción remataran. O goberno local de Oleiros solicitou en reiteradas ocasións á Consellería de Traballo e Benestar Social a apertura inmediata desta instalación, debido ao déficit de prazas deste tipo que sofre o municipio e a necesidade de contar con este servizo, pero desde o Goberno autonómico non se proporcionou ningún tipo de contestación. Só o silencio máis absoluto. Ademais, o Goberno local, solicitou á Consellería que o persoal do centro de día de Arenaza fora recolocado na nova instalación das Galeras. A Xunta tampouco se pronunciou neste sentido.

Un día antes das eleccións municipais do pasado 22 de maio, e sen previa notificación, a Xunta de Galicia sacou a contratación privada a explotación deste centro de día dentro dun lote que incluía servizos similares noutros puntos de Galicia. A día de hoxe o Concello de Oleiros non conta con ningún tipo de información oficial en relación á situación do dito centro.





## As escolas municipais de danza e música aumentan a súa oferta de matrículas para o próximo curso ▼



■ Un grupo de alumnas da Escola Municipal de Danza durante un ensaio nas novas instalacións da avenida Valle Inclán

◆ Tanto a Escola Municipal de Danza como a Escola Municipal de Música incrementan a súa oferta de prazas de cara ao próximo curso 2011- 2012 que comezará a partir do mes de setembro. Este importante aumento de matrículas foi posible grazas á entrada en funcionamento da nova sede da Escola Municipal de Danza, que comezou a súa actividade o pasado mes de abril.

A nova infraestrutura permite albergar un maior número de alumnos e alumnas, o que supón un novo logro na mellora do nivel educativo, artístico e cultural do municipio. Ademais trátase da primeira escola integral de danza que existe na comunidade autónoma. Pola súa banda, a Escola Municipal de Música vese beneficiada co traslado da actividade de danza, xa que o espazo liberado polos bailaríns e bailarinas no centro cultural A Fábrica será dedicado á actividade docente dos músicos. Así mesmo, o Concello está a habilitar locais de ensaio neste edificio, o que permitirá continuar co seu desenvolvemento artístico a músicos novos do noso municipio.

## A Hora do Conto, un éxito nas bibliotecas municipais

◆ Cada edición do programa A Hora do Conto é un éxito garantido e a edición de 2011 non foi menos. Dentro desta iniciativa leváronse a cabo nos meses de abril a maio 40 sesións de contacontos dirixidas a nenas e nenos con idades comprendidas entre os 2 e os 10 anos. Esta popular actividade levouse a cabo en todas as bibliotecas municipais, a través de narración ou dramatización dun ou varios contos, cun enfoque lúdico e cunha vivencia activa e participativa cos libros, de xeito que se contribúa a fomentar a imaxinación e a creatividade das persoas participantes. Os obxectivos que se intentan conseguir son que os nenos e as nenas participantes se divirtan escoitando contos, facer novos lectores ou consolidarlles este hábito, que descubran a diversidade dos libros e o pracer pola lectura e que vivan o libro en colectividade xunto con outras nenas e nenos.

Participaron as contadoras e contadores Paula Carballeira, Pablísimo, Soledad Felloza, Fran Insua, Inés Cuadrado, Ramiro Neira, Andrea Báyer, Caxoto e a Compañía Trinke-Trinke (cos “ratos da biblioteca”) que narraron diversos contos, como unha invitación a viaxar a un tempo máxico de fantasía e imaxinación. A través deste programa preténdese introducir as persoas máis novas no mundo dos libros a través dunha lectura que poidan comprender, que os faga gozar e divertirse.



■ Un grupo de nenos e nenas durante unha sesión do programa A Hora do Conto



# O Dorneda logra un histórico ascenso a Tercera División ▼

■ O club de fútbol da Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva Dorneda conseguiu un feito histórico para o deporte no noso municipio co ascenso a Tercera División acadado esta tempada. A Xunta de Goberno local, tras unha proposta do alcalde, acordou redactar o comunicado que a continuación se reproduce para felicitar a esta entidade deportiva oleirense. En hora boa Dorneda!



## ▼ Felicitación da Xunta do Goberno local á SCRD Dorneda

◆ Oleiros pode presumir a día de hoxe de contar cun amplo tecido asociativo, tanto a nivel cultural, social ou mesmo deportivo. Entre todas estas entidades leva xa uns anos destacando, polo seu labor deportivo e no fútbol en particular, a Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva de Dorneda que está a medrar dun xeito considerable na estrutura do seu club de fútbol.

Neste labor que se desenvolve grazas a homes e mulleres que altruistamente dedican o seu tempo de lecer aos demais, destaca dun xeito máis que palpable o crecemento das súas categorías menores, produto sen lugar a dúbida, dun traballo planificado e de calidade porque calquera tipo de crecemento non é froito da casualidade senón dun traballo organizado e pautado.

Estas categorías están a conseguir uns resultados excepcionais nestas últimas tempadas,

dado que o ascenso do equipo da categoría infantil, na tempada pasada á Liga Galega, resultou ser a primeira pedra e referendo deste excelente traballo que se está levando a cabo. A día de hoxe, tamén o equipo de categoría xuvenil está en plena fase de ascenso, obxectivo que esperamos que sexa realidade nesta vindeira fin de semana, aínda que ten un complicado partido en Ordes contra o titular desta vila despois do empate conseguido a pasada fin de semana no Codesal.

Aparellado a este excelente traballo coa súa base e despois dun récord difícil de igualar e que non debe ter moitas similitudes a nivel nacional, o Dorneda, no pouco espazo de tempo de cinco tempadas foi escalando categorías desde a Tercera Autonómica e hoxe os oleirenses podemos presumir de contar cunha das nosas entidades no primeiro posto que conduce ao fútbol nacional.

O pasado día 22 de maio o primeiro equipo do Club Deportivo Dorneda acadou un éxito deportivo sen precedentes dado que ascendeu á Tercera División, un logro que vén ser froito dun excelente labor directivo e que supuxo unha ledicia indescribible para unha pequena parroquia do noso concello como é Dorneda, pero grande agora no panorama futbolístico galego. E aínda máis, esta pasada fin de semana acadouse outro éxito deportivo, o ascenso a Segunda Autonómica do equipo B da categoría de afeccionados.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno local, adoptar o seguinte cordo:

Felicitar a toda a familia da Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva de Dorneda, representada no seu presidente e que sexa extensiva a todos os futbolistas, desde os máis cativos ata os maiores, pasando indubidablemente por socios e socias e seguidores en xeral.

**A UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO NON É UNHA ALTERNATIVA, É UNHA OBRIGA. ÚSAO**

■ HORARIOS: de luns a venres, de 09:30 h a 13:00 h e de 15:30 h a 19:00 h ● Sábados: de 09:00 h a 14:00 h



## TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

### **Transporte público: acertan cando rectifican**

Hai pouco tempo a Empresa Eliseo Pita comunicou aos seus usuarios que tiña que deixar de prestar algúns dos servizos de transporte de viaxeiros, que realiza na zona norte de Oleiros por orde da Xunta de Galicia.

Os usuarios do transporte público vimos estupefactos como algunhas melloras nas frecuencias introducidas pola empresa despois de incorporarse o Plan de Transporte Metropolitano eran eliminadas por orde da Xunta de Galicia polo que diante do que consideramos unha agresión aos nosos dereitos algúns usuarios decidimos mobilizarnos e recoller sinaturas para esixir que non se dera un novo paso atrás nun servizo de transporte público de viaxeiros xa de por si deficiente na zona norte deste municipio. Foron moitos os veciños que puxeron a súa sinatura ou mandaron correos electrónicos protestando por esta incompreensible resolución da Xunta que priva os usuarios das recentes melloras conseguidas.

Parece que finalmente dende a Xunta toman nota e volveron a autorizar os servizos que antes ordenaron eliminar, polo que debemos felicitarnos todos ao ter conseguido, facer recapacitar as autoridades autonómicas de transportes que, finalmente, diante da presión dos veciños víronse obrigados a recuar autorizando o que antes desautorizaran.

Como usuario do transporte público quédame algunha pregunta no aire como por exemplo, ¿Cal foi a razón de suspender uns servizos para voltar a autorizalos un mes despois?

A resposta oficial, e que a empresa non tiña autorización da Xunta para incrementar eses servizos. A segunda pregunta que me fago é ¿por que si podían darlle esa autorización non o fixeron sen suspender servizos e ocasionar prexuízos os usuarios?

As administracións públicas deben estar ao servizo dos intereses dos cidadáns, é en Oleiros nos últimos tempos, algunhas decisións adoptadas dende a Administración autonómica, parecen

ir en sentido contrario do que beneficia os veciños. Esperemos que, como neste caso, a presión da opinión pública faga tamén rectificar decisións erróneas que privan os cidadáns dos servizos aos que teñen dereito.

*P.V.M. (veciño de Maianca)*

### **Semáforo avenida Che Guevara**

Este semáforo, fronte a Facenda Local del Concello ubicada en la mencionada avenida de Perillo, tiene una duración de un minuto escaso para poder cruzar los peatones. Los que disponemos de normal agilidad para caminar nos resulta justo (algo escaso) para cruzar los cinco carriles que tiene dicha vía en ese punto.

Los peatones que, por su edad o problemas físicos de su movilidad, no disponen de la agilidad suficiente para cruzar los cinco carriles se ven siempre atrapados a la mitad del camino y se ven obligados a esperar en la medianera de la avenida el cambio de luz del semáforo.

Ignoramos qué organismo o ente es responsable de dicho semáforo; pero no siendo nuestro ayuntamiento ¿no podría, éste, interceder para solucionar la anomalía? Sólo, creemos, sería incrementar la duración del semáforo, para los peatones treinta segundos.

Nosotros no tenemos problemas con la situación actual, afortunadamente, y estaríamos muy agradecidos, en nombre de los que por problemas de edad o físicos necesitan a quien le dé solución a este problema.

*Fernando Vázquez Escariz*

### **Con nuestra seguridad no se juega**

Me parece increíble que las administraciones tengan tan descuidadas las carreteras en nuestro municipio. Mi familia y yo vivimos en una urbanización en el límite con Sada y para ir al trabajo, tanto mi mujer como yo tenemos que cruzar todo el municipio. Da igual la ruta que elijamos, al llegar a las dos vías principales de comunicación con la ciudad de A Coruña, nos

encontramos con problemas, tanto yendo por la carretera de la Xunta que comunica Perillo con Sada como por la N-VI. Es verdad que esta última dicen que se va a arreglar, que esperemos que así sea, pero, ¿qué hace la Xunta por mejorar nuestra seguridad como peatones o como conductores?

Me parece una vergüenza que no inviertan más dinero en preservar nuestra seguridad ya que debía de ser una prioridad para cualquier gobierno. ¿Acaso los ciudadanos que vivimos en Oleiros somos menos que los de Ferrol, los de Santiago o los de la propia ciudad de A Coruña? Estoy seguro que con la cuarta parte de dinero de los que la Xunta y el Estado invierten en estas ciudades, que no son cuatro veces más importantes que nuestro municipio, todos los problemas se solucionarían.

*J.F.Q*

### **Escola infantil xa**

O noso concello necesita máis escolas infantís xa. Os parques infantís onde eu vivo están cheos de nais e pais, avoas e avós xogando cos seus cativos e cativas. Oleiros medra e a poboación medra, ademais moita da xente que se asenta no concello e xente nova. Contar cun servizo de educación infantil grauíto e de calidade e fundamental para a sociedade na que vivimos. A nosa xeración vese obrigada a traballar a reo para poder ter fillos, pero a Xunta non fai nada para que as cousas sexan máis fáciles. No noso caso, por exemplo, o meu mozo ten que traballar os sábados porque eu tiven que deixar de traballar cando fun nai, xa que non teño con quen deixar a miña nena porque non nos deron praza en ningunha das tres escolas infantís. Eu antes de ter este problema non sabía nada, pero as tres escolas de Oleiros as fixo o Concello de Oleiros, logo pregúntome ¿Que fai a Xunta? ¿Por que noutros concellos si e no noso non?

*Vero Muiña*



**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 610 465
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñas	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

**Bibliotecas**

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

**Querida lúa**

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	15 xullo / 13 agosto / 12 setembro
<b>Mingua</b>	23 xullo / 21 agosto / 20 setembro
<b>Nova</b>	30 xullo / 29 agosto / 27 setembro
<b>Medra</b>	6 agosto / 4 setembro / 4 outubro

**Transportes**

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

**Horarios Cal Pita**

- Aeroporto de Alvedro **981 187 200**
- Estación autobuses A Coruña **981 184 335**
- Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

<b>1 &gt; A Coruña &gt; Fonteculler &gt; O Burgo &gt; San Pedro &lt;</b>	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
<b>2 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &lt;</b>	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 22:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
<b>2a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
<b>2b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Pousada &lt;</b>	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
<b>3 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Nos &gt; O Carballo &gt; Oleiros &gt; Sada &lt;</b>	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
<b>4 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Sada &lt;</b>	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
<b>6 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Rialta &lt;</b>	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
<b>6a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Rialta &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
<b>6b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Franzomel &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &lt;</b>	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cristina &lt;</b>	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



**34.378 habitantes empadroados/as!**

**Ata o 28 de xuño, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:**

DEXO (Santa María)	1.369
DORNEDA (San Martiño)	3.395
IÑÁS (San Xurxo)	1.232
LIÁNS (Santa Eulalia)	9.947
MAIANCA (San Cosme)	1.254
NÓS (San Pedro)	4.648
OLEIROS (Santa María)	2.942
PERILLO (Santa Leocadia)	8.049
SERANTES (San Xulián)	1.542
<b>TOTAL</b>	<b>34.378</b>

**FARMACIAS DE GARDA**

	<b>Datas</b>
■ ALEJANDRO SÁNCHEZ BARREIRO Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165	Do 8 ao 14 de xullo Do 16 ao 22 de setembro
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027	Do 15 ao 21 de xullo Do 23 ao 29 de setembro
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937	Do 22 ao 28 de xullo Do 30 de setembro ao 6 de outubro
■ Mª TERESA MIGUÉLEZ FREIRE Avda. Rosalía de Castro, nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 635 024	Do 29 de xullo ao 4 de agosto Do 7 ao 13 de outubro
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890	Do 5 ao 11 de agosto Do 14 ao 20 de outubro
■ CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503	Do 12 ao 18 de agosto Do 21 ao 27 de outubro
■ TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440	Do 19 ao 25 de agosto Do 28 de outubro ao 3 de novembro
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184	Do 26 de agosto ao 1 de setembro Do 4 ao 10 de novembro
■ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845	Do 2 ao 8 de setembro Do 11 ao 17 de novembro
■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932	Do 9 ao 15 de setembro Do 18 ao 24 de novembro



## As obras da vía Ártabra avanzan a bo ritmo

◆ As obras da vía Ártabra continúan a bo ritmo e nestes momentos encóntranse nunha fase moi avanzada. O Concello de Oleiros espera que nun prazo inminente a vía de circunvalación de Santa María de Oleiros sexa aberta ao tráfico. A apertura deste vía que comunica directamente coa vía Ártabra permitirá mellorar o tránsito de vehículos pola localidade e evitar os atrancos que se producen nos semáforos situados no centro desta localidade.



■ Vista do trazado da Ártabra ao seu paso por Mandín



■ A vía Ártabra transformará o sistema de comunicacións do municipio



■ No último tramo da vía Ártabra, en Lorbé, o trazado da calzada xa se distingue á perfección



■ A estrada recortará o tempo dos desprazamentos no municipio e co resto da comarca



■ A estrada está practicamente rematada en moitas partes do municipio, como neste tramo ao seu paso pola parroquia de Maianca



■ Os pasos elevados están deseñados para que o tránsito local non interceda cos vehículos que circulan pola Ártabra